

PREMIO CATEGORIA ADULTOS

AMNESIA TEMPORAL ~~X~~

OSVALDO DONSO LÓPEZ
- Bedejoj -

Tango

Lentamente avanza o esqueleto
dun corazón cuberto de po,
dando paso a un desfile de defectos.
Onte, case sen quere-lo,
engadín tres anos máis á miña condena,
fixenme hematófago,
aínda así os meus poemas viven desordenados,
alimentándose das bágoas
que verte o silencio.

Son inexperto en quitarme as castañas do lume.
A sombra coagula a cicatriz
do teu afastado recordo,
como o ateo interrompe a misa de doce,
o vento desordena as nubes.
O maxín voa en escapada
cara a luz preñada
que nos empresta a lúa crecente.

Sen espazo para outro elo,
a melancolía racha a carne,
alleo ao reflexo
que proxecta a desmemoria,
son dono do tempo

que está por vir.

Cando baixan os anxos

- *que ocorre poucas veces* -,

enmarco as tardes

con cousas intemporais,

como poñer a astroloxía do revés.

Vendín a miña trompeta,

pero teño unha historia que contar.

Caer ao limbo onde loucura e liberdade

endexamais tiveron equilibrio.

Teño escrito na memoria

o día da túa partida.

Cambiei de hábitos,

deixei de morder as unllas,

unha conduta impropia de quen come pipocas.

Non sei que é o que lle pasa á xente...

Envexa é o que teñen!

Corre a voz,

todo ten que ver cun experimento

clasificado como serie B.

Teño un cabalo

que sempre chega penúltimo,

fago teorías sobre como debe ir a saia,

dous ou tres centímetros por riba do xeonllo?

No caixón gardei un anaco de metáfora

por se xera intereses.

Gústame vir aquí,

ao lugar onde a xente bebe cervexa,

escoita música *hipster*

e fala sobre os beneficios da marihuana.

Que boa combinación!

Vivo a seis quilómetros da praia.

Viaxo nun tándem con sete prazas.

Ando buscando

a parte implícita que ten o amor.

Coñecinte pola voz,

a mesma que me esperta

desa amnesia temporal.

PREMIO CATEGORÍA XUVENIL

CARTAS CON SELO

Soidade, ausencia
irrespirable no aire
que respiro,
unha vida rota,
o que queda e a nada
en ninguén... ausencia
soidade de sentir
nin cerca nin lonxe
esa ausencia,
que ocupa o espazo interno
dos sentimentos
e non ver máis alá del,
cando aparece todo e baldeiro
nin a esperanza habita.
Chega a verba
que esperta á outra
durmida nos beizos,
non pode ser pronunciada
mais chama a outra
outra e... unha máis,
verbas que se xuntan
e se gardan na espera,
de encontrar unha folla
onde ordenalas, envolvelas
nunha viaxe de regreso ó aire
ó que pertencen,
nun relato liberador
acusador, de quen marcou

as súas vidas...
para xogar con adianto
a partida da vida,
enfrentándose a un presente
ausente, cuberto pola escuridade
da dúbida, da culpa.
Arreatáchesme os meus soños
os meus días, a esperanza
a vida, un presente continuo,
cando parece acabar
volve a comezar
con cada golpe.
Xogaches coas cartas marcadas
pola violencia
gardando un ás na manga,
hoxe as cartas, son outra
non hai figuras con espadas
que empurren contra a parede,
nin bastóns que golpean...
con forza.
Hoxe as cartas teñen verbas
arrebatadas, ó silencio,
e a partida que se xoga
é a marcha do violento.

PSEUDÓNIMO: PASTO

PREMIO CATEGORÍA INFANTIL

BUSCANDO

Un día de néboa era

Non se divisaba nada

Só alá no horizonte

Unha luz amarela e branca.

Xirei con forza o temón...

Foi entón cando o perdín

Esperaba que co novo día

El volvесе ledο a min.

Pasaron días, meses e anos

El a min non volvía!

Baleiro, triste, so...

Sen el moi mal me sentía.

Busquei á luz da farola

Percorrín praias e montes

Coa lúa chea de agosto

Explorei lagos e fontes.

Un verán pola tardiña

Canso, cheguei a un lugar

Era fermoso...

Oíase o canto do mar.

Na beira unha serea

Colares e aneis de vidro

"Estás na Praia dos Cristais" – dixo

E a min...VOLVEU O SORRISO!

"SPIDER-MAN"